

MÁSTER OFICIAL EN FILOSOFÍA. COÑECIMIENTO E
CIDADANÍA

GUÍA DOCENTE | 2025-26

PATRIMONIO CULTURAL E
IDENTIDADE

1. INFORMACIÓN BÁSICA

DESCRICIÓN

A materia ten o código P5251210. É unha obrigatoria do Itinerario “Cidadanía e Globalización” do Máster Oficial en Filosofía. Coñecemento e Cidadanía, impartida durante o primeiro semestre. É de 3 créditos ECTS (desglosados segundo Plan Docente Anual en: 21 h. de clases; expositivas, 9 h.; interactivas, 12 h.; 3 h. de titorías de grupo; 52 h. de traballo persoal da/do estudante, incluídas lecturas, estudo e realización de tarefas). Depende do Dpto. De Filosofía e Antropoloxía (Área de Antropoloxía Social).

REQUISITOS PREVIOS

Non require necesariamente dunha formación previa, aínda que ter coñecementos de Antropoloxía Social resulta de moita utilidade.

IMPARTICIÓN

Será impartida por Nieves Herrero profesora titular de Antropoloxía Social. As linguas vehiculares serán o galego e o castelán. Esta última se utilizará nas situacións que o requiran para facilitar a comprensión e a adaptación ao galego dos estudantes que non proveñan de territorio de Galicia.

A materia contará cun aula virtual para facilitar o acceso a materiais de traballo e, en xeral, reforzar a comunicación co alumnado nos diversos aspectos relacionados coa docencia e o aprendizaxe.

O horario da materia correspondente ao curso académico indícanse na páxina web da Facultade de Filosofía <https://www.usc.es/gl/centros/filosofia/index.html>

TITORÍAS

O horario poderá atoparse nesa mesma páxina na pestana Organización académica-Horario do Profesorado. Terán lugar no despacho 319 da Facultade de Filosofía, 3º andar

ou, de xeito virtual, polo canal Teams corporativo. O correo electrónico é mnieves.herrero@usc.es e o teléfono 81812531.

2. SITUACIÓN DA MATERIA NA TITULACIÓN

BLOQUE FORMATIVO NO QUE INTEGRA A MATERIA

É unha das dúas materias obrigatorias do **itinerario de Cidadanía e Globalización** do Mestrado oficial en Filosofía, Coñecemento e Cidadanía. É impartida pola Área de Antropoloxía Social xunto coa materia de formación básica **O concepto antropolóxico de cultura e a diversidade cultural** e a materia optativa **O método etnográfico. O seu uso en humanidades e ciencias sociais**.

PAPEL DA MATERIA DENTRO DO BLOQUE

A materia aborda unha temática relevante no mundo actual como é a importancia que adquire o patrimonio cultural e a súa relación con fenómenos como a terciarización económica, a mercantilización da cultura ou a recomposición das identidades sociais. Ademais tomará en conta a expresión concreta e específica que esta cuestión ten actualmente en Galicia situando como exemplo paradigmático a revitalización do Camiño de Santiago e a súa promoción como símbolo da identidade de Galicia e Europa. A materia pretende aportar elementos teóricos propios da antropoloxía socio-cultural para abordar esta temática os cales están baseados fundamentalmente na análise cualitativa e comparativa de casos etnográficos. Neste sentido enfrontará ao alumnado a análise de casos de actualidade que se estean producindo nos seu entorno próximo mediante a realización dun traballo de campo.

3. OBXECTIVOS DA MATERIA

1. Achegar á formación do alumnado ingredientes teóricos para a comprensión e a análise do mundo global.

2. Adquirir os elementos conceptuais básicos para definir e analizar os conceptos de identidade e patrimonio cultural así como a relación que existe entre ambos.
3. Relacionar o auxo do patrimonio cultural coas características propias da sociedade actual.
4. Analizar a estrutura social e institucional da que depende a posta en valor de patrimonios.
5. Desenvolver e afianzar unha actitude crítica respecto aos procesos de patrimonialización e ás diferentes propostas de identificación que implican.
6. Sensibilizar respecto ao valor da diversidade cultural e xerar actitudes de respecto e tolerancia que propicien o diálogo intercultural.
7. Contribuír á adquisición de destrezas para a presentación oral e escrita de traballos académicos.

4. COMPETENCIAS

COMPETENCIAS BÁSICAS E XERAIS

CG2 - Que o alumnado saiba aplicar os coñecementos adquiridos para identificar, formular e resolver problemas dos nosos tempos. CG1 - Que o alumnado adquira habilidades e coñecementos para a análise crítica en relación coas achegas de investigación. CG3 - Que o alumnado sexa capaz de transmitir coñecementos, ideas orixinais e propostas de solución. CG4 - Que o alumnado se forme nunha dinámica de reflexión cunha actitude proactiva e creativa na procura de solucións. CG5 - Que o alumnado teña as habilidades para recoñecer, en coñecementos e prácticas sociais diversas, cuestións e problemas que poidan ser abordados e resoltos. CB6 - Posuír e comprender coñecementos que proporcionan unha base ou oportunidade para ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación. CB7- Os estudantes saben aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en novos ou poucos -Contornos coñecidos dentro

de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo
 CB8 -Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir de información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre o ámbito social e social. responsabilidades éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos
 CB9 - Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e inequívoco
 CB10 - Que os estudantes posúan a aprendizaxe. habilidades que lles permitan seguir estudando de forma que será en gran parte autodirixida ou autónoma.

COMPETENCIAS DE TIPO ESPECÍFICO

CE1 - Coñecer e comprender enfoques filosóficos relacionados coas áreas temáticas do máster. CE2 - Desenvolver habilidades que permitan transferir os coñecementos adquiridos ao ámbito da investigación. CE3 - Adquirir habilidades para a transmisión e a docencia de contidos filosóficos relacionados coas áreas temáticas do máster. CE4 - Saber aplicar os coñecementos adquiridos na resolución de novos problemas. CE5 - Ser capaz de: analizar e sintetizar, argumentar con lóxica, formular xuízos e deliberar segundo criterios éticos. CE6 - Saber expresarse oralmente e por escrito, comunicarse, debater e deliberar. CE7 - Saber interpretar con criterios críticos medios de expresión como os baseados en representacións icónicas, plásticas e literarias.

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS

CT1 - Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación. CT2 - Xestionar e analizar criticamente fontes de documentación científica, bibliográfica e dixital. CT3 - Valorar de forma crítica a información para resolver problemas CT4 - Promover o respecto polos dereitos humanos e a diversidade cultural e persoal, así como desenvolver valores fronte ás desigualdades de xénero.

A adquisición progresiva e avaliación continua destas competencias terá lugar mediante as actividades que se desenvolven nas sesións de seminario interactivo, titorías individuais e de grupo, a preparación do traballo escrito final e o exame final.

A consecución final das mesmas será avaliada mediante o traballo escrito e o exame final.

5. CONTIDOS

1. Concepcións esencialista e construtivista do patrimonio cultural e da identidade. Os enfoques críticos do patrimonio. A perspectiva feminista.
2. Tipos de patrimonio. Orientacións terminolóxicas
3. Os museos e a representación da identidade
4. A activación patrimonial e propostas de identificación: axentes de patrimonialización
5. Globalización e patrimonio
6. Galicia e o marco europeo: a patrimonialización do Camiño de Santiago
7. Presentacións de traballos e análise de casos

5. METODOLOXÍA DA DOCENCIA

O traballo na materia combinará tres tipos de actividades

- 1) **Clases expositivas: sesións de exposición teórica** por parte da profesora para a clarificación e sistematización do marco xeral da materia aportando as conexións e a visión de conxunto.
- 2) **Clases interactivas: sesións de lectura e comentario de textos** seleccionados que permitan ao alumnado afondar en aspectos concretos do marco xeral a través do exercicio de lectura e síntese dos mesmos. Nestas sesións intervirá sucesivamente o alumnado responsabilizándose da presentación das lecturas, mostrando a aplicación dos conceptos estudados no caso seleccionado para o traballo de campo.
- 3) **Titorías de grupo e individuais:** as primeiras servirán para apoiar o traballo persoal do alumnado por parte da profesora, á que se poderá acudir para resolver dúbidas sobre os contidos ou a elaboración dos traballos. As segundas consistirán en poñer en común aspectos relacionados coa marcha do curso e revisar e reforzar tanto aspectos teóricos como metodolóxicos.

4) **Realización dun pequeno traballo de campo:** el alumnado deberá presentar a principio da materia un proxecto para a realización dun pequeno traballo de campo sobre un caso de activación patrimonial e identitaria. Preténdese que os elementos teóricos que se van traballando ao longo da materia sirvan de instrumentos para a análise deste caso. Desta maneira preténdese combinar a teoría e práctica e incentivar o traballo autónomo continuado e produtivo. Nas actividades sinaladas en 1) e 2) tomaranse sempre en conta estes casos elixidos pola alumnado para facer achegas para a súa análise a partir dos elementos teóricos abordados. O traballo será primeiro presentado oralmente nas clases e despois entregado por escrito. Esta última versión terá unha extensión máxima de 10 páxinas; incorporará as achegas e correccións que se lle suxiran na presentación oral e seguirá o modelo do TFM servindo, neste sentido, como un exercicio de preparación para este. Favorecerase que o alumnado traballe un tema que lle permita establecer conexións con outras materias, así como coa temática elixida por cada alumno para o seu TFM.

O traballo global do alumnado, tanto a presentación de lecturas, como o estudo de caso, poderá nutrirse de lecturas e traballos realizados nas materias previamente cursadas “O concepto antropolóxico de cultura e a diversidade cultura” e “Cidadanía, xustiza e democracia” ofrecendo unha versión adaptada á temática específica desta materia.

6. AVALIACIÓN

A avaliación tomará en conta as actividades desglosadas no apartado anterior e estará baseada nos seguintes aspectos:

1) Participación nas clases e presentación de lecturas: 40%. Tomará en conta o traballo continuado do alumnado na materia manifestado na frecuencia e pertinencia das súas intervencións e preguntas. Na presentación de lecturas observarase a claridade expositiva, a indicación das teses e argumentos máis relevantes, así como o establecemento de conexións co marco xeral da materia e o traballo de campo seleccionado.

2) Elaboración e presentación dos traballos: 60%. Presentación oral 25%. Presentación escrita 35%. A avaliación tomará en conta a aplicación do marco teórico da materia ao caso de análise, así como as destrezas e requisitos formais propios dos traballos académicos. Isto implica a esixencia dunha elaboración propia e exclúe e penaliza o procedemento de “copia e pega” e a amalgama de información carente de estrutura argumental.

Segundo os Estatutos da Universidade, no seu artigo 130.2, o alumnado ten o deber da “asistencia e participación naquelas actividades formativas que se establezan como obrigatorias na programación docente”. A asistencia é obrigatoria e O Consello de Goberno de 25 de marzo de 2010 aprobou a Normativa de asistencia a clase nos ensinos adaptados ao EEES:

<http://www.usc.es/export/sites/default/gl/normativa/descargas/normaasistenclase.pdf>

Na mesma expone os beneficios da asistencia á clase, entre eles facilita unha mellor comprensión da materia, a adquisición de competencias en grupos e individuais, a aprendizaxe continua, a interacción directa con outros alumnos e alumnas ou a posibilidade dunha metodoloxía docente-discente máis participativa. Cabe lembrar que a USC é unha universidade presencial, polo que a asistencia a un mínimo do 80% das sesións de clase é obrigatoria. Nos casos contemplados na normativa da Facultade, os alumnos e alumnas poderán solicitar exención oficial de docencia ou ben matricularse na modalidade de dedicación parcial aos seus estudos para facilitar a conciliación. Nesta materia queda establecido que o alumnado que falte máis de tres veces sen xustificar as súas faltas, ou que non entregue os traballos nos prazos fixados non poderá ser obxecto de avaliación continua.

Avaliación non continua

O alumnado que perda a avaliación continua realizará unha proba final escrita con valor do 60% e un traballo do 40%.

O alumnado que teña dispensa de asistencia a clase concedida pola facultade poderá optar entre as modalidades de avaliación continua ou a realización dun exame final. No primeiro caso deberá realizar os mesmos traballos indicados para o alumnado asistente

apoiano o seu traballo persoal en titorías e nas orientacións facilitadas a través da aula virtual. Os criterios serán os mesmos establecidos para o alumnado asistente. No caso de optar pola realización de exame final o seu valor será do 100%.

TEMPO DE ESTUDO E TRABALLO PERSOAL

O tempo de traballo estimado para esta materia en correspondencia cos 3 créditos que ten, é de 75 horas:

* Horas presenciais semanais: 3 horas (9 horas de docencia expositiva e 12 horas docencia interactiva) no segundo bimestre do curso. Aproximadamente, 24 horas no conxunto do semestre. Incluindo 3 horas de titorías.

* Horas non presenciais semanais, recomendadas para preparación de textos e traballo: 1,5 horas. Aproximadamente 21 horas no semestre.

* Horas de estudo semanais (ademais das non presenciais): 2 horas. Aproximadamente 30 horas no semestre.

RECOMENDACIÓNS PARA SUPERAR A MATERIA

Detectar desde o principio de curso dificultades e debilidades nas destrezas intelectuais que esixen a comprensión dos contidos e a elaboración dos traballos, de cara a deseñar estratexias para a súa superación. Facer un seguimento continuado da materia e manter un ritmo de traballo axeitado e constante ao longo do curso. O alumnado deberá facer uso das titorías para apoiar a súa aprendizaxe.

7. BIBLIOGRAFÍA

Bibliografía básica

- Cruces, F. (1998): “Problemas en torno a la restitución del patrimonio. Una visión desde la antropología”, *Política y sociedad*, 27, pp. 77-87
- García Canclini, N. (1993): “Los usos sociales del patrimonio cultural”, en E. Florescano, *El patrimonio cultural en México*, F.C.E., México, pp. 41-61.
- García García, José Luis (1998) “De la cultura como patrimonio al patrimonio

cultural”, Política y Sociedad 27: 9-20.

Hernández i Martí, Gil-Manuel e outros (205) La memoria construida. Patrimonio cultural y modernidad, Tirant lo Blanch, Valencia.

Prats, Llorens. (1997) Antropología y patrimonio, Madrid, Ariel.

Prats, Llorens (1998) “El concepto de Patrimonio cultural”, Política y sociedad 27, pp. 63-76.

Bibliografía complementaria

Barañano, Ascensión, J.L. García, M. Cátedra, y M.J. Devillard (2007) Diccionario de relaciones interculturales, Madrid, Universidad Complutense.

Barañano, A. 2019 “Las diversidades construidas por el patrimonio cultural inmaterial en la Unión Europea”, Revista de estudios europeos, 73, pp. 73-96.

Canclini, Nestor (2004) Diferentes, desiguales y desconectados: mapas de la interculturalidad, Barcelona, Gedisa.

Castells, Manuel (1998) La era de la información vol 2 El poder de la identidad, Madrid, Alianza.

Cátedra, María (1998) “La manipulación del patrimonio cultural: la Fábrica de Harinas de Ávila”, Política y Sociedad, 27: 89-116.

Hall, S e P. du Gay (2003) Cuestiones de identidad cultural, Buenos Aires, Amorrortu.

Herrero, Nieves “La atracción turística de un espacio mítico. Peregrinación al cabo de Finisterre”, Pasos. Revista de

Herrero, Nieves e Roseman Sharon R. (2005) The Tourism Imaginary and Pilgrimages to the Edges of the World, Bristol, Channel View Publications.

Jiménez, Guadalupe (2027) El patrimonio (también) es nuestro. Hacia una crítica patrimonial feminista en Iñaki Arrieta (ed.) El género en el patrimonio cultural EHU/UPV, pp.19-48.

Malguesini, Graciella e Carlos Jiménez (2000) Guía de conceptos sobre migraciones, racismo e interculturalidad, Madrid, Libros de la Catarata.

Martiello, Marco (1995) Inmigración y construcción europea: ¿hacia una ciudadanía multicultural de la UE? en Enrique Lamo de Espinosa (ed) Culturas, estados, ciudadanos. Una aproximación al multiculturalismo en Europa, pp. 225-241, Madrid. Xeral R 26596/ C. Arenal P4 437.

Moncusí Ferré, Albert (2005) “La activación patrimonial y la identidad” en Gil-Mauel) Hernández i Martí y otros: La memoria construida. Patrimonio cultural y modernidad, Valencia, Tirant Lo Blach, pp. 91-121.

Pereiro, Xerardo e Vilar Álvarez, Manuel (2008) "Ethnographic Museums and essentialist representations of Galician identity", International Journal of Iberian Studies, 21, 2: 87-108.

Quintero, Victoria (2023) “Cuidadoras de patios y capitalismo de pétalos. Miradas feministas a un patrimonio de la humanidad en pandemia” en Iñaki Arrieta y Xavier Roigé (eds.), Pandemia, patrimonio cultural inmaterial y museos, Bilbao, Universidad del País Vasco, pp. 45-61.

Roseman, Sharon (2007) “O patrimonio cultural como un enfoque crítico na loita pola

- identidade e a convivencia” en *Agora. Papeles de Filosofía* 26, pp. 7-26.
- Sánchez Carretero, Cristina (Ed.) (2015) *Heritage, Pilgrimage and the Camino to Finisterra. Walking to the End of the World*, New York, Springer.
- Sánchez-Carretero, Cristina, Muñoz Alabaladejo, J., Ruiz-Blanch, A. e Roura Expósito, J. (eds.) *El imperativo de la participación en la gestión patrimonial*, Madrid, CSIC.
- Sierra Rodríguez, Xosé Carlos (1997) “Procesos de patrimonialización en Galicia”, en Xosé Manuel González Reboledo (Coord.), *Galicia. Antropoloxía, (Historia da Antropoloxía. Patrimonio etnográfico)*, Edicións Hércules. A Coruña, pp. 382-494.
- Smith, Laurajane (2006) *Uses of Heritage*, London, Routledge.
- Willet, C. 1998 *Theorizing multiculturalism. A guide to the correct debate*, Blackwell, Oxford.
- Yunis Ahués, Eugenio (2009) “Consideraciones sobre las relaciones entre la identidad y el turismo en las sociedades del siglo XXI” Instituto de Estudos das Identidades del Museo do pobo galego, Foro Turismo e Identidade.

8. OBSERVACIÓNS

Os traballos realizados polo alumnado deben entregarse a través da aula virtual. Uso da linguaxe non sexista, tanto no traballo cotiá de aula como nos traballos académicos encomendados, segundo as recomendacións da USC. Obrigatoriedade de uso da conta de correo rai así como das ferramentas tecnolóxicas institucionais: Campus Virtual, Microsoft Office 365, MS-Teams. Nas clases non se poderá empregar o teléfono móbil, salvo cando se use como instrumento de traballo seguindo as indicacións dadas polo docente, responsabilizándose o alumnado das consecuencias legais e académicas que podan derivarse dun emprego non axeitado do mesmo. Obrigatoriedade do cumprimento da Normativa de protección de datos.